



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 5 DE MARZO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día cinco de marzo de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Javier Iglesias Sendín e Don José Ignacio Gómez Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e cinco de febreiro de dous mil trece.

2.- OBRAS MAIORES.-

DENEGAMENTO LICENZA DE OBRAS RIB/N/20/13. -

Visto o escrito presentado por **Don Alexandre Blanco Sobrino en representación de Agropecuaria do Ribeiro con DNI nº 76.736.423.-M e con CIF nº B-32.402.919**, onde solicita: *“Proxecto de Legalización de Adaptación de Nave Industrial ”*.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 18 de febreiro de 2013 no que se conclue o seguinte:

“Na situación actual da nave, fóra de ordenación total, so se permiten obras de mantemento e conservación sempre que se manteña o uso preexistente. A actividade de venta de abonos, pensos e fitosanitarios non ten carácter legalizable por non tratarse de un uso continuado e preexistente da edificación. ”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Denegar a licenza de obras e legalización de actividade solicitada por **Don Alexandre Blanco Sobrino en representación de Agropecuaria do Ribeiro con**



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

DNI nº 76.736.423.-M e con CIF nº B-32.402.919, na Estrada nacional 120, KM-595, Aquinza, en Ribadavia en base ao informe transcrito anteriormente

OUTORGAMENTO LICENZA DE OBRAS RIB/N/141.2/12. -

Visto o escrito presentado por **Don Julio Sánchez Agrelo en representación de R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. con DNI nº 76.353.740-L e con CIF nº A-15.474.281**, onde solicita Licenza de Obras que consisten no soterramento de liña de abastecemento de enerxía eléctrica, nas seguintes vías públicas: rúa Muñoz Calero, rúa Carballiño, rúa Ribeiro, rúa Redondela, e Estrada de Francelos, en Ribadavia, segundo Proxecto Despregue Rede de Cable Viais Non Municipais e Anexo ao Proxecto redactado polo Arquitecto Don Julio Sánchez Agrelo e visado con datas 28.09.2011 e 18.12.2012.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 22 de xaneiro de 2013 no que se conclue o seguinte:

“En base a todo o anterior, infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada de soterramento de liña de abastecemento de enerxía eléctrica, debéndose cumprir o antes sinalado: “as acometidas realizaranse nos portais das edificacións, dende onde se distribuirá ás distintas vivendas polo interior; en caso de que estas acometidas sexan por fachada ata a zona alta do portal, executaranse de forma similar ás existentes no Casco Histórico”.

Estarase así mesmo ó disposto nos Informes do Servizo Provincial de Ourense da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.”.

Visto o informe xurídico de data 28 de febreiro de 2013 no que se conclue o seguinte:

“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico, e no tocante a autorización de ocupación do demanio deberá terse en conta a previsión do punto catro do informe xurídico.”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Autorizar a ocupación do dominio Público para o cableado de R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A, nas rúas Muñoz Calero, Carballiño, Ribeiro, Redondela e Estrada de Francelos para a utilización das canalizacións existentes, e non se poderá ocupar totalmente as canalizacións existentes pola empresa R, concretamente 4 canalizacións de 110 mm de diámetro, senon que debe permitirse a posibilidade de implantación doutras empresas. Respecto das rúas Muñoz Calero e Estrada de Francelos se autoriza a ocupación para a realización das obras necesarias para a instalación do cableado, e unha vez instalado a ocupación do subsolo conforme a documentación técnica presentada.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2. Conceder licenza de obras a Don Julio Sánchez Agrelo en representación de R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. con DNI nº 76.353.740-L e con CIF nº A-15.474.281 para soterramento de telecomunicacións nas seguintes vías públicas: rúa Muñoz Calero, rúa Carballiño, rúa Ribeiro, rúa Redondela, e Estrada de Francelos, en Ribadavia.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Soterramento de liña de abastecemento de enerxía eléctrica.

Contía na que se orzan as obras: 60.560,82 €.

Situación e emprazamento das obras: rúa Muñoz Calero, rúa Carballiño, rúa Ribeiro, rúa Redondela, e Estrada de Francelos, en Ribadavia.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Redactor do Proxecto: Don Julio Sánchez Agrelo.

Dirección da execución das obras: non consta.

Nome ou razón social do promotor: Don Julio Sánchez Agrelo en representación de R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de un (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 60.560,82 euros, practicase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 1.574,58 euros.

Importe execución material / coste da obra:	60.560,82 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	1.574,58 €	
Aboado por autoliquidación:		
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	1.574,58 €	

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse os proxectos e documentación anexa aportada o expediente.
- Nas rúas Carballiño, Ribeiro, Redondela, non se poderá ocupar totalmente as canalizacións existentes pola empresa R, concretamente 4 canalizacións de 110 mm de diámetro, senon que debe permitirse a posibilidade de implantación doutras empresas.
- Non se procederá ao inicio das obras en tanto que o concello non comprobe que non existen outras empresas interesadas na súa implantación, como consta no informe xurídico no seu punto terceiro, de modo que a empresa R antes do inicio das obras debe porse en contacto co concello aos efectos de comprobar este extremo.
- Deberán cumprirse as seguintes condicións do informe técnico de data 22 de xaneiro de 2013:
 - o as acometidas realizaranse nos portais das edificacións, dende onde se distribuirá ás distintas vivendas polo interior; en caso de que estas acometidas sexan por fachada ata a zona alta do portal, executaranse de forma similar ás existentes no Casco Histórico.
 - o Estarase así mesmo ó disposto nos Informes do Servizo Provincial de Ourense da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.(Se adxunta copia coa notificación da presente licencia)
 - o Antes do inicio das obras deberán presentarse os correspondentes Oficinos de Dirección de Obras e de Coordinación de Seguridade e Saúde.
 - o Deberá consignarse aval na tesourería municipal por importe de 60.560,82.
 - o **RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:**



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público.

Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

LICENZA DE APERTURA E ENTRADA EN FUNCIONAMENTO RIB/N/184.1/11 .-

Visto o escrito presentado por **Don Jorge Manuel Míguez Rodríguez con DNI nº 34.960.015-S**, onde solicita Licenza de Apertura e Entrada en Funcionamento dun local destinado á venda de productos delicatessen na Rúa Salgado Moscoso nº 12 / Yáñez (Ref. Catastral 06236/09), en Ribadavia.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 22 de febreiro de 2012 no que se conclue o seguinte:

“Na visita de comprobación, realizada con data 22 de febreiro de 2012, obsérvase que o local asustase á citada Documentación Técnica e a normativa vixente.

Por elo, Infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Actividade solicitada”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Outorgar a Licenza de Apertura e Entrada en Funcionamento para actividade de venda de productos delicatessen, a Don Jorge Manuel Míguez Rodríguez, na Rúa Salgado Moscoso nº 12 / Yáñez (Ref. Catastral 06236/09), en base ao informe técnico transcrito, devendo satisfacer en concepto de taxa por licenza de apertura a cantidade de 232,25 euros.

LICENZA DE APERTURA E ENTRADA EN FUNCIONAMENTO RIB/N/90.6/05 .-

Visto o escrito presentado por **Don Rubén Blanco Amil con DNI nº 76.716.449-H**, onde solicita Licenza de Apertura e Entrada en Funcionamento dun local destinado a oficina de seguros na Rúa Ribeiro nº 26, baixo (Ref. Catastral 07269/13), en Ribadavia.

Comprobado que o local conta con Licenza de Obras outorgada mediante Resolución da Alcaldía de data 15 de setembro de 2006.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 11 de decembro de 2012 no que se conclue o seguinte:



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

“Na visita de comprobación, realizada o 04 de decembro de 2012, obsérvase que se procedeu a instalación das luces de emerxencia e do extintor de eficacia 21ª-113B, obxecto do Informe RIB/N/90.5/05 de data de 07 de xuño de 2012.

Por elo, Infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Actividade solicitada”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Outorgar a Licenza de Apertura e Entrada en Funcionamento para actividade de oficina de seguros, a Don Rubén Blanco Amil, na Rúa Ribeiro nº 26, baixo (Ref. Catastral 07269/13), en base ao informe técnico transcrito, devendo satisfacer en concepto de taxa por licenza de apertura a cantidade de 371,36 euros.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

ESCRITO GESTIMA.-

Dase conta do escrito presentado pro Gestima, S.L relativo a comunicación das subidas das tarifas do parking.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda comunicarlle a empresa Gestima que a subida debrá realizarse conforme a previsión do apartado 32 do prego de clausulas administrativas particulares, de modo que a proposta presentada non cumpre con estes requisitos, polo cal debrá presentarse nova proposta.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Guillermo López Carballal con DNI nº 34.422.260-T**, con domicilio na Carretera de Francelos nº 70, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Celso Emilio Ferreiro nº 7, 3º esq., en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 20-02-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en oncepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por **Don Óscar Pazos Placer con DNI nº 44.463.921-E**, con domicilio na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 1, 3º D, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 1, 3º D, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 11-02-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia ao acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Política Lingüística, con data RE 27 de febreiro de 2013 Nº RE 842, realtiva a subvencións a entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.
2. Comunicación do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, con data RE 27 de febreiro de 2013 Nº RE 838, relativa a “Expediente sancionador incoado contra AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA, por “rebose de augas residuais procedentes de la red de saneamiento municipal de Ribadavia al cauce del río do Outeiro, con el consiguiente riesgo de contaminación de las aguas continentales y de degradación de su entorno, en la localidad de Francelos, a la altura del campo de fútbol” en el término municipal de Ribadavia (Ourense)”.
3. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense, con data RE 1 de marzo de 2013 Nº RE 883, relativa a bases aprobadas para elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial correspondente o exercicio 2013.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes procede a aprobar os criterios e bases reguadoras para as listas de substitución que se efectuarán por posibles baixas de traballadores do concello conforme a estos criterios.

APROBACIÓN DE PROXECTO.-



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Dase conta por parte do Sr. Alcalde do proxecto denominado “*REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA AREA RECREATIVA DE A VERONZA-O XESTAL*” redactado por Don Adolfo Collarte Pérez cun presuposto de execucion material de 110.091,69 € e cun total de presuposto de execución por contrata de 133.210,94 €.

No expediente constan os seguintes documentos:

- 1º- Proxecto coa denominación antedita.
- 2º- Informe Xuridico de data 05 de marzo de 2013.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes a aprobación do proxecto denominado “*REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA AREA RECREATIVA DE A VERONZA-O XESTAL*”, cun total de presuposto de execución por contrata de 133.210,94€.

CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.-

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación do procedemento negociado sen publicidade denominado: “**CONTRATO DE OBRAS DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA AREA RECREATIVA DE A VERONZA-O XESTAL**”.

No expediente constan os seguintes elementos:

- Informe de Secretaría de data 05.03.2013.
- Informe de intervención de data 05.03.2013.
- Prego de Clausulas Administrativas Particulares de data 05.03.2013.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. Aprobar o expediente de contratación conforme as previsions dos artigos 110 e disposicion adicional 2º do TRLCSP.
2. Aprobar un gasto por importe de 133.210,94 € IVE incluído.
3. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, abrir a fase de licitación mediante invitación a tres empresas.

DACIÓN DE CONTAS DE INFORME TÉCNICO.-

Dase conta do informe técnico do Director do Servizo Municipal de Deportes relativo aos aforos das instalación deportivas, aos efectos de formalizar o correspondente seguro de responsabilidade civil , dacordo coas previsión da Lei de Deporte de Galicia.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda comunicar ao Director do Servizo Municipal de Deportes que se encargue de obter as ofertas das empresas aseguradoras que estén interesadas en participar na citada licitación, aos efectos de calcular o precio do contrato que se sacará a licitación de ser necesario pola súa cuantía.

DACIÓN DE CONTAS DE INFORME TÉCNICO.-

Dase conta do informe técnico do Director do Servizo Municipal de Deportes relativo a situación de irregularidade na que se atopan unha serie de clubs, en relación coa utilización das instalacións deportivas municipais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda comunicar ao Director do Servizo Municipal de Deportes que se encargue de realizar as actuacións necesarias para regularizar esta situación, para o cal deberá porse en contacto cos clubs, aos efectos de impulsar a sinatura dos correspondentes convenios.

CONVENIO DE COLABORACIÓN.-

Dase conta do Convenio de Colaboración entre o concello de Ribadavia e a UTE Orense Melon, relativo a acordo sobre bens expropiados.

Consta informe xurídico de data 05 de marzo de 2013.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar o citado convenio, facultando ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.

NOMEAMENTO DE ABOGADO E PROCURADOR.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes, acorda nomear en relación co procedemento 221/2010, sentenza recurrida ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

Don Angel Pazos Huete como avogado e Don Javier Garcia Garaizabal de los Reyes como procurador.

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de Febreiro 2013, por importe de 484,40 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.